



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



DECRETO DA ALCALDÍA: Nomeamento e convocatoria do tribunal

Conforme as Bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2025), aprobadas por Resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 200 do 16 de outubro de 2024.

Unha vez publicada a resolución da concesión definitiva dunha subvención ao Concello de Cerdido de 22.000 € para a contratación de dous peóns a xornada completa por un período de 6 meses, publicada no BOP nº 22 do 3 de febreiro de 2025.

Comunicada a Deputación da Coruña a modificación no número e duración dos contratos dos peóns, subvencionados coa axuda concedida, e que pasará a contratarse a 3 peóns, dous por un período de 5 meses e 1 por un período de 2 meses.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo presente Decreto

RESOLVO:

Primeiro: Nomear como tribunal cualificador, segundo o establecido nas bases da convocatoria a:

Presidente:

Ignacio H. Dominguez Simons, secretario- interventor do Concello de Cerdido.

Secretario:

César Yáñez Carballeira, funcionario administrativo do Concello de Cerdido.

Vogais:

Jose Victoriano Bouza Pita, persoal laboral fixo do concello de Cerdido.

Jose Vicente Casal Villasuso, persoal laboral fixo do Concello de Cerdido.

José Herminio Puentes González, persoal laboral fixo do Concello de Cerdido.

Segundo: Convocar ao tribunal cualificador para o día 11 de xullo de 2025 as 12:00 horas no salón de plenos do concello para valorar a documentación e elaborar a lista provisional de admitidos e excluídos.

Terceiro: Publicar o contido da presente resolución da Alcaldía de nomeamento e convocatoria do tribunal no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cerdido.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, D. Alberto Javier Rey Paz, do que eu Secretario - interventor do concello, Ignacio Hipolito Domínguez Simons, dou fe.